

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

6925 *Real decreto 613/2020, do 30 de xuño, polo que se establecen as distincións de funcionaria ou funcionario honorario e membro honorario da Policía Nacional.*

A Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional, recolle no seu artigo 86 a facultade de outorgar a distinción de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional ás persoas que, tendo pertencido aos corpos ou escalas da Policía Nacional e que, cumprindo determinados requisitos, o soliciten unha vez que se xubilaron. Así mesmo, establece a posibilidade de conceder a distinción de membro honorario da Policía Nacional a persoas, mulleres ou homes que, non pertencendo a ese corpo, se distinguisen polos merecementos contraídos en virtude do labor realizado en prol del.

Este real decreto intégrase no marco regulador de recompensas e honras que, en termos xerais, prevé a citada lei orgánica para, coa necesaria flexibilidade, recoñecer ás persoas que acrediten un labor meritorio en prol da Policía Nacional ou unha traxectoria profesional dentro do seu ámbito, relevante e dilatada. Ademais, esta distinción, cunha natureza propia, está dirixida a fortalecer estreitos lazos de apoio á Policía Nacional que revertan no seu prestixio e consideración por parte da cidadanía, premiando publicamente as persoas que apoiaron meritoriamente co seu labor a Policía Nacional e o que representa.

A condición de honorario ou honoraria non é nova na Policía Nacional, goza dunha arraigada tradición cuxa regulación prevía o derogado Regulamento orgánico da Policía Governativa, aprobado polo Decreto 2038/1975, do 17 de xullo. A normativa actual afonda neste recoñecemento, actualizándoa e afianzándoa como recoñecemento institucional do labor desinteresado que arrequece a Policía Nacional, nun marco de coherencia co resto do ordenamento xurídico a que obriga o principio de seguranza xurídica.

Na redacción deste real decreto observouse o principio de proporcionalidade regulando o que se considerou imprescindible e remitindo, cando foi oportuno, á regulación que, por razón da materia, corresponde a outras normas. Así mesmo, o texto acompáñase dun anexo en que se describen as características do título acreditativo da concesión da distinción, así como dos distintivos de identificación.

Durante a tramitación da norma garantiuse a transparencia e, en cumprimento do disposto no artigo 94 da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, este real decreto foi sometido ao Consello de Policía para informe previo.

O real decreto asegura, ademais, a aplicación do resto dos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: conforme os principios de necesidade e eficacia a presente iniciativa normativa responde a un interese xeral, baséase nunha identificación clara dos fins perseguidos e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución; así mesmo, axústase, ao principio de eficiencia ao evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto regular o réxime xurídico aplicable ás distincións de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional e membro honorario da Policía Nacional.

2. As súas disposicións aplicaranse ás persoas que reciban ou poidan recibir a distinción de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional e membro honorario da Policía Nacional.

CAPÍTULO II

Distinción de honoraria ou honorario

Artigo 2. *Requisitos para obter a distinción de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional.*

1. A distinción de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional poderá ser outorgada pola persoa titular da Dirección Xeral da Policía ás persoas que, tendo pertencido aos corpos ou escalas da Policía Nacional, se distinguisen por un labor meritorio e unha traxectoria relevante e que no momento da xubilación reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter pasado á situación de xubilación desde as de servizo activo, segunda actividade ou servizos especiais.
- b) Ter prestado como mínimo trinta e cinco anos de servizos efectivos, para o cal se terá en conta o tempo que as funcionarias ou funcionarios permaneceron en período de formación ou de prácticas ou naquelas situacións en que a permanencia se considere computable para efectos de antigüidade.
- c) Carecer no seu expediente persoal de anotacións desfavorables sen cancelar.
- d) Estar en posesión de todas as condecoracións á dedicación ao servizo policial e ter ingresado na Orde ao Mérito Policial.

Os requisitos enunciados nas alíneas b) e d) non serán exixibles á persoa solicitante que se xubilase por incapacidade permanente derivada de lesións sufridas en acto de servizo ou como consecuencia del.

2. A distinción de funcionaria ou funcionario honorario outorgarase na categoría que se posúe no momento da xubilación.

Non obstante, cando se trate de persoas funcionarias ascendidas con carácter honorífico á categoría inmediatamente superior á que teñan, conforme o previsto no artigo 85 da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional, tanto no título acreditativo como nos distintivos de identificación referidos no artigo 4 expresarase a categoría que se lle recoñecese.

Artigo 3. *Requisitos para obter a distinción de membro honorario da Policía Nacional.*

1. A distinción de membro honorario da Policía Nacional poderá ser outorgada pola persoa titular do Ministerio do Interior ás persoas que, non pertencendo a ese corpo, se distinguisen polos merecementos contraídos en virtude do labor realizado en prol del, entendendo como tales a traxectoria profesional prolongada en beneficio da función da Policía Nacional e ter obtido ao menos nunha ocasión o ingreso na Orde ao Mérito Policial.

2. A distinción nestes supostos outorgarase nos termos de «policía nacional honorario ou honoraria», sen facer referencia expresa a categoría profesional ningunha.

Artigo 4. Dereitos inherentes ás distincións de funcionaria ou funcionario honorario e membro honorario da Policía Nacional.

1. O nomeamento como funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional levará consigo a entrega á persoa interesada dun título acreditativo de tal distinción, así como dos distintivos de identificación, carné e placa emblema, previstos no anexo.

2. O nomeamento como membro honorario da Policía Nacional levará consigo a entrega á persoa interesada dun título acreditativo de tal distinción e do carné de identificación previstos no anexo.

3. A distinción de funcionaria ou funcionario honorario e membro honorario da Policía Nacional non facultará para o exercicio da función policial. Tampouco suporá para quen a reciba beneficio económico ou a concesión de ningún dereito alén dos expresamente regulados neste real decreto.

4. Nos actos e cerimoniais oficiais os funcionarios e funcionarias e membros honorarios da Policía Nacional ocuparán un lugar preferente, de acordo coas disposicións protocolarias da Policía Nacional.

Artigo 5. Perda da distinción de honorario ou honoraria.

1. A distinción de honorario ou honoraria poderase perder cando as persoas interesadas incorran en conduta contraria aos principios e valores que constitúen o Código ético da Policía Nacional ou observen unha conduta prexudicial para o prestixio desta.

2. A perda da condición de honorario ou honoraria requirirá a tramitación previa dun expediente incoado de oficio, que seguirá os mesmos trámites que se observasen para a súa concesión.

3. A perda da condición de honorario ou honoraria leva unida a retirada dos distintivos identificativos e con isto a desaparición dos dereitos inherentes ao nomeamento.

CAPÍTULO III

Procedemento para o recoñecemento da distinción de honorario ou honoraria

Artigo 6. Recoñecemento de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional.

1. O procedemento para a concesión do nomeamento de funcionaria ou funcionario honorario da Policía Nacional iníciase mediante solicitude das persoas funcionarias xubiladas dirixida á División de Persoal da Subdirección Xeral de Recursos Humanos e Formación da Dirección Xeral da Policía.

2. A División de Persoal, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2.1, remitirá a solicitude á Xunta de Goberno, que emitirá o correspondente informe de valoración dos méritos contraídos polos candidatos e elevará proposta á persoa titular da Dirección Xeral da Policía para a súa resolución definitiva.

3. A persoa titular da citada Dirección Xeral poderá requirir á Xunta de Goberno a ampliación ou aclaración dos aspectos que considere pertinentes para resolver mellor.

O recoñecemento da condición de funcionaria ou funcionario honorario, unha vez comunicado aos representantes dos membros da Policía Nacional que forman parte do Consello de Policía e notificado á persoa interesada, publicarase na *Orden General* da Dirección Xeral da Policía.

4. No suposto de que a persoa solicitante faleza durante a tramitación do expediente, o procedemento continuará até se ditar resolución definitiva.

5. A resolución do procedemento, que se notificará á persoa interesada no prazo de tres meses contados desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da División de Persoal, porá fin á vía administrativa e os efectos do silencio administrativo serán negativos.

Artigo 7. *Recoñecemento de membro honorario da Policía Nacional.*

1. A concesión da distinción de membro honorario da Policía Nacional a unha persoa que non teña o carácter de funcionaria ou funcionario deste corpo policial levarase a cabo de oficio, mediante orde da persoa titular do Ministerio do Interior, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral da Policía e logo de informe da Xunta de Goberno.

2. O recoñecemento da condición de membro honorario da Policía Nacional, unha vez comunicado aos representantes dos membros da Policía Nacional que forman parte do Consello de Policía e notificado á persoa interesada, publicarase no Boletín Oficial del Estado e na Orden General da Dirección Xeral da Policía.

Artigo 8. *Comunicación do recoñecemento da distinción de honorario ou honoraria ás organizacións con representación no Consello de Policía.*

Previamente á publicación no Boletín Oficial del Estado ou na Orden General da Dirección Xeral da Policía do recoñecemento da distinción de honorario ou honoraria nos supostos recollidos nos artigos anteriores, procederase a informar os representantes dos membros da Policía Nacional que forman parte do Consello de Policía.

Artigo 9. *Acto de entrega.*

O outorgamento da distinción de honorario ou honoraria realizarase nun acto solemne, procurando que coincida con datas de especial conmemoración e relevancia na Policía Nacional, salvo que razóns de oportunidade e urxencia aconsellen outra cousa.

O acto de entrega terá lugar despois da publicación do nomeamento na *Orden General* da Dirección Xeral da Policía, no cal se fará entrega do título acreditativo, así como dos distintivos de identificación que correspondan conforme o establecido no anexo.

Artigo 10. *Arquivamento.*

Os expedientes que se tramiten conforme o estipulado neste real decreto arquivaranse na División de Persoal.

Disposición adicional única. *Aplicación supletoria da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

No non previsto neste real decreto e no resto das disposicións que o desenvolvan será de aplicación supletoria a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición transitoria única. *Renovación de distintivos de identificación.*

1. Ás funcionarias e funcionarios da Policía Nacional que cando entre en vigor este real decreto teñan recoñecida a condición de honorario ou honoraria conforme a normativa anterior, seranlles substituídos os distintivos de identificación e entregaráselles o carné e a placa emblema confeccionados conforme as prescricións establecidas neste real decreto.

2. Ás persoas alleas á Policía Nacional que cando entre en vigor este real decreto teñan recoñecida a condición de honorario ou honoraria conforme a normativa anterior, seralles substituído o carné de identificación acreditativo de tal condición coa entrega dun carné novo confeccionado conforme as prescricións deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva que, en materia de seguranza pública, ten atribuída o Estado conforme o artigo 149.1.29.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio do Interior para ditar cantas disposicións considere necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto, quen o será igualmente para a modificación do contido do anexo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O ministro do Interior,
FERNANDO GRANDE-MARLASKA GÓMEZ

ANEXO

Deseño e características técnicas do título acreditativo, carné e placa emblema

Descrición

A confección do título acreditativo ten as seguintes características:

Papel:

Definición	Características
Tamaño.	A-3 (297 x 420 mm).
Orientación.	Horizontal.
Gramaxe.	270 g/m ² , brillo.

Composición:

Compoñente	Características	Medidas/Tipo de letra
Escudo de España.	Zona superior esquerda, antes da vertical do texto do diploma.	33 mm de largo x 32 mm de alto.
Emblema da Policía Nacional.	Zona superior dereita despois da vertical do texto do diploma.	33 mm de largo x 24 mm de alto.
Divisa da categoría.	Zona inferior esquerda antes da vertical do texto do diploma.	32 mm de largo x 39 mm alto.
Encabezamento.	Centro, zona superior.	Verdana 16 pt. en forma arqueada (curvatura +24%).
Autoridade que a concede.	Centro, baixo encabezamento.	Apple Chancery 36 pt.
Disposición.	Baixo autoridade.	Apple Chancery 24 pt.
Nome.	Baixo disposición.	Algerian 36 pt.
Recoñecemento.	Baixo nome.	Apple Chancery 24 pt.
Denominación da distinción e categoría.	Baixo recoñecemento.	Apple Chancery 36 pt.
Expedición.	Baixo distinción.	Apple Chancery 24 pt.
Data.	Baixo agradecemento.	Apple Chancery 24 pt.
Antesinatura autoridade.	Baixo data.	Apple Chancery 24 pt.
Pé sinatura autoridade.	Baixo cargo.	Apple Chancery 24 pt.



Dimensións do formato, características técnicas e deseño dos distintivos de identificación, carné e placa emblema:

O formato das tarxetas de identificación de policía honorario é de 85,6 mm por 53,98 mm \pm 0,75 mm, con esquinas arredondadas.

O modelo ten orientación vertical e leva impreso centrado na parte superior «POLICÍA NACIONAL». Baixo esta inscrición, á esquerda e integrada no degradado dos fondos, sitúase un espazo destinado á fotografía. Á dereita desta inclúese o escudo do Corpo Nacional de Policía. Na parte inferior esquerda da tarxeta incorpórase entre os fondos da bandeira de España e sobre ela o escudo constitucional. Incorporan, ademais, un cinegrama situado sobre a parte superior dereita da fotografía e a parte superior esquerda do escudo do Corpo Nacional de Policía.

O anverso inclúe unha liña de microimpresión co texto «POLICÍA NACIONAL» que atravesará a tarxeta. Leva, ademais, impreso en tinta invisible con resposta amarela, visible unicamente baixo luz ultravioleta, o escudo do CNP co texto POLICÍA calado.

O reverso consta dun fondo a base de guilloché impreso en iris. Este fondo leva unha reserva que inclúe o emblema do Corpo Nacional de Policía.

O reverso incorpora na parte inferior un chip.



Na placa emblema a primeira materia será unha peza metálica. A coroa real pode ser calada ou sen calar. A fronte irá pulida e estará esmaltada en azul o fondo da inscrición do círculo central. Levará incorporado ao conxunto por baixo do emblema un espazo cun número de identificación persoal e, por cima deste, tamén pulido e esmaltado en azul, a inscrición «HONORARIO» en cor ouro.

Compoñen o emblema os seguintes elementos:

Parte central cos catro cuarteis do escudo nacional e centro coas tres flores de lis, como base do conxunto de granada fechada, arredor sobre fondo azul e en cor ouro a inscrición *CORPO NACIONAL DE* e apoiada na base *POLICÍA*, cargado na parte exterior de raios fechando o conxunto.

Sobre o conxunto e cortando a parte superior dos raios, coroa real de España, en cor ouro, constituída por un círculo engastado en pedras preciosas sumado de oito floróns de follas de acanto de cor ouro (visibles cinco), interpoladas de perlas, de cuxas follas saen outros tantos diademas, sumados de perlas que converxen nun mundo co ecuador e semimeridiano.

A formación do conxunto do emblema, a inscrición HONORARIO e o número de identificación configurarán a placa emblema de funcionario honorario.

Polo que respecta ás medidas, as dimensións do conxunto serán as seguintes:

- Altura: 80 milímetros.
- Largura: 50 milímetros.
- Grosor máximo do conxunto exterior: 2 milímetros.
- Número de raios: corenta e oito.
- Lonxitude dos raios: 13, 10, 9 e 7 milímetros, respectivamente, segundo deseño.
- Largura máxima dos bordos exteriores dos círculos que incorporan a inscrición: 5 milímetros.

- Raios de prolongación de base: sete (os dous aspectos só na súa metade de unión aos cinco centrais).
- Medidas do espazo para numeración:

Lado superior: 26,5 milímetros.

Lado inferior: 31 milímetros.

Distancia entre lados: 5,5 milímetros.

